

# ROSA CARAMELO

Texto de ADELA TURIN

Ilustracións de NELLA BOSNIA

Tradución de G. TOLENTINO

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 40 páx. 16 €.

[Rosa caramelo](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-799-7. Tras os montes.

[Rosa caramelo](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-798-0. Clásicos contemporáneos.

[Rosa caramelo](#) (català)

ISBN 978-84-8464-830-7. Clàssics contemporanis.

[Arrosa eta leuna](#) (euskara)

ISBN 978-84-7681-787-2. Gaur egungo klasikoak.

[Rosa rebuçado](#) (português)

ISBN 978-989-8205-84-1. Clássicos contemporâneos.

*–Neniñas –dicíanlles os papás–, se non comedes todas as anémonas, se non rematades as peonias, nunca chegaredes a ser tan bonitas e rosadas coma as vosas mamás, e nunca teredesos ollos brillantes, e ningúen vai querer casar convosco cando sexades grandes...*


Nos anos 70 Adela Turin comezou a publicar en Italia a colección «Dalla parte delle bambine», que pouco despois editou Esther Tusquets en España co título «A favor de las niñas». Traducida a varias linguas, converteuse nun referente para a coeducación e a igualdade. «Rosa caramelo» é unha das obras máis emblemáticas desta serie tan vixente e necesaria.

Margarida e outras pequenas elefantas viven ailladas nun xardín de anémonas e peonias; o alimento para conseguiren un aspecto físico caracterizado pola cor rosa caramelo da súa pel, que reforan lucindo zapatos, lazos e colares do mesmo ton. Todas cumpren as expectativas dos seus pais e nais agás ela, que sofre os reproches dos seus proxenitores ata que estes desisten de que sexa coma as demais. Baixo esta historia fabulada subxacen cuestións como un superficial culto á imaxe, ou a crítica a unha sociedade que predestina o futuro dos seus individuos e clasifícaos en función do seu xénero. Pero sobre todo, é un canto á liberdade, aderezado coas ilustracións de Nella Bosnia, que potencian a mensaxe do texto a base de figuras realistas e cores vivas.

Un relato -como en «Artur e Clementina», «A historia dos bonobos con lentes» e «Unha feliz catástrofe»- para pór en valor o rol feminino, erradicar os estereotipos sexistas e a discriminación, para cambiar mentalidades e construímos un mundo mellor.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** relacións humanas.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** coeducación, igualdade, liberdade; contra os estereotipos sexistas; da autora e da ilustradora de «[Artur e Clementina](#)», «[A historia dos bonobos con lentes](#)» e «[Unha feliz catástrofe](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**  
<http://bit.ly/RosaCarameloKLKgissuu>

## Adela Turin

(Italia, 1939)

Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar os sesgos sexistas na literatura infantil. En Milán formou parte do grupo Rivolta, vencellado ao movemento feminista. Co obxectivo de combater a discriminación de xénero no eido da familia patriarcal, decidiu crear a colección «Dalla parte delle bambine» que, entre 1975 e 1980, publicou máis dunha vintena de libros. Entón, Adela Turin e Nella Bosnia traballaban en La Rinascente. Anos despois trasladouse a París, onde fundou -xunto con Silvie Cromer- a asociación «Du côté des filles», que dende 1994 investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, e promove a sensibilización do sector editorial, das institucións e do público en xeral. Na actualidade escribe artigos e imparte conferencias.

## Nella Bosnia

(Italia, 1946)

Estudou arte en Milán e traballou como decoradora e estilista na creación de produtos téxtiles para a firma La Rinascente, onde coincidiu con Adela Turin, coa que fundou a colección de libros «Dalla parte delle bambine». Como ilustradora, colaborou con editoriais de Italia e de Francia.

